Xelmírez,
xenio do románico

Ramón Otero Pedrayo



galaxia
ensaio e investigación

XELMÍREZ, XENIO DO ROMÁNICO

Esta versión parte da 2ª edición impresa en 1993

1ª edición, 1991
1ª edición dixital, 2009

© Herdeiros de Ramón Otero Pedrayo, 2009

© EDITORIAL GALAXIA, S. A. 2009
Avenida de Madrid, 44, baixo - 36204 Vigo
www.editorialgalaxia.com

ISBN: 978-84-9865-980-1

RAMÓN OTERO PEDRAYO

XELMÍREZ OU O XENIO AFECTUOSO, CREADOR E HUMORISTA DO TEMPO ROMÁNICO. VIDA E GLOSAS Á SÚA VIDA.

Edición, introducción e notas
Ramón Mariño Paz

GALAXIA

INTRODUCCIÓN

En 1951 a barcelonesa Editorial Aedos convocou un concurso de biografías que finalmente foi gañado por Romero Torres, autor da *Biografía de Sancho Panza.* Quixo don Ramón Otero Pedrayo participar naquela xusta literaria e con tal intención escribiu un ensaio sobre don Diego Xelmírez que titulou *Gelmírez o el genio afectuoso, creador y humorista del tiempo románico. Vida y glosas a su vida.* Contrariado ó non acada-lo triunfo que procuraba, o señor de Trasalba decidiu esquece-lo traballo realizado. Por esta razón, aquela biografía de Xelmírez permaneceu inédita durante corenta anos ata que en 1991, cedida polo seu depositario, don Florentino Morán, viu por fin a luz na súa versión orixinal en idioma castelán[1], traducida agora para o galego.

INTERESE DE OTERO POLA FIGURA DE XELMÍREZ

Certamente, en 1951 non era novo en Otero o interese pola figura e os feitos de don Diego Xelmírez, primeiro arce-

1. Velaquí a referencia bibliográfica: R. Otero Pedrayo, *Gelmírez o el genio afectuoso, creador y humorista del tiempo románico. Vida y glosas a su vida,* Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 1991. Os datos sobre a historia desta obra tómoos xustamente da presentación que Manuel Fraga Iribarne lle fai ó libro nas páxinas 9-10.

bispo de Compostela. Non determinou a elección do personaxe que ía biografar para o concurso de Aedos unha curiosidade súpeta ata entón inexistente nin unha decisión apresurada e falta de meditación. Xa en 1934 publicara don Ramón a súa novela histórica *A Romeiría de Xelmírez*[2], precedida no tempo por artigos coma "Xelmírez, orador"[3], de 1929, por aproximacións ó personaxe coma as contidas na súa *Guía de Galicia*[4] (1926) e no *Ensayo Histórico sobre la Cultura Gallega*[5] (1932) e por numerosas referencias máis ou menos pasaxeiras en diversos traballos case sempre debruzados sobre a historia e o ser de Galicia e de Compostela. Ademais, segundo Carlos Casares, xa traballara nunha biografía de don Diego na sección de historia do Seminario de Estudos Galegos[6].

Varios críticos sinalaron xa a naturalidade deste interese de Otero Pedrayo por Xelmírez. Á voz inicial de Ricardo Carballo Calero, que nos fixo ver que a figura do arcebispo gozaba de grande prestixio entre tódolos escritores do grupo de *Nós* e que Otero en concreto lle consagrou moitas das súas páxinas[7], fóronse sumando nos últimos anos as de Carlos Casares, Xosé Ramón Quintana, Marcos Valcárcel e Henrique Monteagudo. Casares opina que Xelmírez tiña forzosamente que atrae-la atención de Otero porque foi sen dúbida o mellor representante da conciencia galega durante o tempo do

2. R. Otero Pedrayo, *A Romeiría de Xelmírez*, Santiago de Compostela, Nós, 1934. En 1991 publicouse unha nova edición con introducción e notas preparada por Henrique Monteagudo: R. Otero Pedrayo, *A Romaría de Xelmírez*, Vigo, Galaxia, 1991. Cito sempre por esta edición moderna.
3. R. Otero Pedrayo, "Xelmírez, orador", *Nós* 66 (1929), pp. 96-99.
4. R. Otero Pedrayo, *Guía de Galicia*, Madrid, Espasa-Calpe, 1926. Utilizo a 5ª ed.: Vigo, Galaxia, 1980. Están dedicadas a Xelmírez, "el eternamente vivo don Diego" (p. 501), as pp. 501-503.
5. R. Otero Pedrayo, *Ensayo Histórico sobre la Cultura Gallega*, Santiago, Nós, 1932. Utilizo a traducción ó galego: R. Otero Pedrayo, *Ensaio Histórico sobre a Cultura Galega*, Vigo, Galaxia, 1982. No *Ensaio* dedícanse a Xelmírez de maneira especial as pp. 124-134, contidas no capítulo titulado "A arquivolta florida", en que se tratan os sucesos e o significado do que o autor chama, sintomaticamente, o "século de Xelmírez" (p. 121).
6. Cf. C. Casares, *Otero Pedrayo*, p. 120.
7. Cf. R. Carballo Calero, *Historia*, pp. 668-669.

románico[8], unha das épocas máis xenuinamente creadoras da nosa historia, como tantas veces dixo o escritor de Trasalba; ademais, a súa condición de intérprete da cultura galega no seu decorrer histórico e o seu xorne romántico levaríano na mesma dirección[9]. Son basicamente da mesma opinión Quintana e Valcárcel[10] e Monteagudo. Este último, ademais, observa que a natural inclinación de Otero cara á época e ó personaxe se debeu de ver alimentada polo feito de poder contar coa *Historia Compostelana*, unha "crónica contemporánea a Xelmírez que informa das actividades do prelado xacobeo desde o punto de vista do clero compostelán coetáneo"[11]. Quizais, por outra parte, a paixón inextinguible que don Ramón sentiu sempre por Santiago, para el síntese universal de Galicia, aguillaba aínda máis a súa devoción por quen foi un dos máximos protectores da cidade e mesmo, nalgunha medida non despreciable, un dos seus creadores.

A XÉNESE DE *XELMÍREZ, OU O XENIO AFECTUOSO, CREADOR E HUMORISTA DO TEMPO DO ROMÁNICO*

Para coñecermos máis en detalle a xénese do presente ensaio sobre o gran prelado do románico galego convirá reflexionarmos por un momento sobre o significado das seguintes palabras do final do artigo titulado "Xelmírez, orador":

> Precísase un estudo psicolóxico do grande prelado e do seu tempo. Un tempo de paixós e de loitas entre fortes señores, un pobo que s'orgaíza, e novas cousas que bulen pol-o mundo. Xelmírez canaliza en certo sentido a historia da Galiza. Impón o ritmo da sua persoalidade[12].

8. En data tan temperá coma 1923 xa escribira isto don Ramón: "O románeco de Compostela vai asociado o nome de Xelmírez" (R. Otero Pedrayo, "Temas compostelanos", p. 18).
9. Cf. C. Casares, *Otero Pedrayo*, pp. 119-121.
10. Cf. X. R. Quintana e M. Valcárcel, *Ramón Otero Pedrayo*, p. 181.
11. H. Monteagudo, "Introducción", p. 8.
12. R. Otero Pedrayo "Xelmírez, orador", p. 98. E aínda no *Ensaio Histórico sobre a Cultura Galega* comenta isto: "Serían precisos dous ou tres libros ben forxados para esgota-lo seu interés: o político, o prelado, o constructor, o fino artista sicolóxico, o puro idealista cargado de experiencia coordénanse esencialmente no galego, no compostelano" (R. Otero Pedrayo, *Ensaio*, p. 124).

É evidente que este estudio foi aquel en que Otero estivera traballando dentro da sección de historia do Seminario de Estudos Galegos e, finalmente, o que presentou ó concurso organizado por Aedos en 1951. Ora ben, moito del xa está sen dúbida contido nas páxinas d'*A Romaría de Xelmírez*, unha novela que en moitas das súas pasaxes ten feitura de ensaio. Tense dito moitas veces que Otero Pedrayo nunca distinguiu tallantemente os xéneros literarios[13]. E é certo: as súas obras narrativas están cheas de excursos ensaísticos, "culturais", ó paso que nos seus ensaios se percibe inmediatamente unha irresistible tendencia á literaturización, á evocación lírica non sempre suxeita ós rigores da análise anque si precisa nos datos. Ben significativas son a este respecto as comiñas que en diversas ocasións o propio don Ramón lle pon á palabra ensaio aplicada a esta obra sobre Xelmírez, coma se xa el se decatase de que polas súas características o seu traballo non se axustaba obedientemente ós cánones do xénero[14].

Nas palabras de "Xelmírez, orador" anteriormente transcritas aprécianse perfectamente as claves da biografía que agora se publica en versión galega. O estudio que Otero coidaba preciso en 1929 debía ser "psicolóxico" e tiña que se ocupar non só da figura de Xelmírez entendido como canalizador da historia de Galicia[15], senón tamén do seu tempo. ¿Non é isto xustamente o que temos no presente traballo e tamén, en boa medida, n'A *Romaría*? Eu creo que si. Daquela, a idea inicial do estudio da personalidade de Xelmírez e o seu tempo, logo de ensaiarse nalgunhas aproximacións máis ou menos episódicas, tomou corpo primeiro en forma *preferentemente* novelesca (A *Romaría de Xelmírez*) e, anos de-

13. El mesmo afirmou estar convencido de que é artificiosa a súa distinción: "o derrubamento das fronteiras entre os xéneros literarios só proba a súa artificiosidade" (R. Otero Pedrayo, "Castelao ou o rumor", p. 276).
14. Cf. *Infra* as pp. 90 e 134.
15. No *Ensaio Histórico sobre a Cultura Galega* insiste nesta concepción do prelado xacobeo como canalizador da historia de Galicia: "Dominando a primeira metade do século XII xorde un carácter, ás directrices do cal seguen obedientes os tempos posteriores: Diego Xelmírez" (R. Otero Pedrayo, *Ensaio*, p. 124).

pois, na forma *preferentemente* ensaística do estudio presentado ó concurso de Aedos.

Naturalmente, hai aspectos da biografía do prelado que n'*A Romaría* non se tratan ou que se deixan simplemente apuntados. Trátase sobre todo dos sucesos da historia de Galicia e Compostela que, por estar centrado o relato na viaxe *pro Pallio* de 1104, resultan marxinais. Así e todo, na novela publicada en 1934 xa hai cando menos unha alusión a case tódolas cuestións esenciais da vida do arcebispo, se non a todas. Ó cabo, non debemos esquecer que estamos ante dous tratamentos distintos (ou parcialmente distintos) da mesma materia. Tal é o que vemos, por exemplo, a propósito dos enfrontamentos do prelado coa burguesía da cidade de Compostela: mentres que no traballo de 1951 son expostos co peculiar estilo ensaístico de Otero, n'A *Romaría* aparecen simplemente como premonicións de días de amargura que entebrecen un chisco o pulo inicial da carreira de don Diego.

Os feitos principais da vida de Xelmírez, os trazos básicos do seu carácter, a significación da súa figura, o seu contexto histórico, cultural e relixioso, están xa contidos en forma sintética, como apuntamentos máis tarde desenvolvidos, nas evocacións da *Guía de Galicia* e do *Ensayo Histórico*. Alí están xa o percorrido previo pola serie de bispos irienses e compostelán predecesores do biografado (inspirado, por outra parte, no que aparece ó inicio do primeiro libro da *Historia Compostelana*), as referencias ás invasións marítimas de orixe sarracena, viquinga ou normanda e a necesidade de crear unha flota para domina-lo mar, o enigma da personalidade de dona Urraca, as referencias ó carácter "luchador y optimista, enérgico e irónico, [...] sabio y diestro"[16] de don Diego, os seus dotes para a oratoria e o disfrace... Por veces as coincidencias son mesmo literais, coma se o autor transladase dunha obra para outra palabras, frases, metáforas ou citas eruditas[17]. Semella que hai fragmentos redactados de

16. R. Otero Pedrayo, *Guía*, p. 501.

17. Indicarei soamente algúns casos a título de exemplo. A pastorela de Joan Airas "Pelo souto de Crecente" aparece na *Guía*, p. 503, e mais en *Gelmírez, o el genio*, p. 14, presentada con case idénticas palabras: "Corría de boca en boca la pastorela de Juan Ayras" *(Guía)* / "Corrió de boca en boca la pasto-

forma practicamente idéntica nos distintos traballos aquí mencionados, de maneira que, dada a indistinción de xéneros propia da obra oteriana, podían ser inseridos nun texto preferentemente narrativo ou nun texto preferentemente ensaístico sen que ningún dos dous vise ameazada a súa coherencia interna[18].

FONTES

Creo limitarme a sinala-la evidencia se digo que a principal fonte de información da que bebeu don Ramón para escribir esta biografía foi a *Historia Compostelana*, a crónica que Xelmírez mandou escribir a tres dos seus cóengos e que el mesmo inspirou do principio ó final. Otero cítaa a cada paso e demostra un exactísimo coñecemento dela, natural en quen xa na súa adolescencia se deleitara coa súa lectura na edición do agostiño Padre Henrique Flórez[19]. Séguea sempre

rela de Juan Ayras" *(Gelmírez)*. Sen que haxa total exactitude, a enumeración das Sete Artes Liberais feita en *Gelmírez* (p. 225) imítalle moito á d'A *Romaría* (pp. 82-83), como tamén o fai a evocación de Afonso VI observando Toledo desde o Alcázar (*Romaría*, pp. 172-173 / *Gelmírez*, p. 85). O gusto polos verbos "transpirenare", "transalpinare" e "transapeninare", usados na *Historia Compostelana*, está no *Ensaio*, p. 125, e reaparece n'A *Romaría*, p. 299 e mais en *Gelmírez*, p. 80. Os versos "Parvula tecta tenent caelistis dona sophiae", de Alcuíno de York, cítanse n'A *Romaría*, p. 70, e tamén en Gelmírez, p. 18; o mesmo sucede co fragmento do *Poema de Fernán González* que comeza "Era entonces Castilla pequeño rincón" (*Romaría*, p. 189; *Gelmírez*, pp. 252-253) ou co *carmen* "O Roma nobilis urbis et domina" (*Romaría*, p. 307; *Gelmírez*, p. 266). Desde logo, poderíase engrosar esta relación de exemplos.

18. Esta parece ser unha das constantes da obra de Otero Pedrayo. Xa noutro lugar indiquei que hai fragmentos d'*Os camiños da vida* que reaparecen case sen máis modificacións cá traducción no *Ensayo Histórico sobre la Cultura Gallega*. Cf. R. Mariño Paz, "Introducción", pp. 52-56.

19. En "Xelmírez, orador", p. 96, don Ramón conta como foi nos seus días de instituto en Ourense cando descubriu a edición da *Historia Compostelana* preparada polo Padre Flórez, a primeira das publicadas: "Lémbrome dos días do Instituto cando algunha vez deixando o balbordo dos cráustros acougaba no silenzo da Bibrioteca de Ourense (...) cando a casoalidade fíxome coller o tomo XX da "España Sagrada". Esta edición da *Compostelana* constituía efectivamente o tomo XX da monumental *España Sagrada* do Padre Henrique Flórez: *Historia Compostelana*, Madrid. En la Imprenta de la Viuda de Eliséo Sanchez, 1765 (ed. facsímil: Madrid, Real Academia de la Historia, 1965). Desta crónica publicáronse bastantes edicións; a máis recente, con índices e bibliografía, é a de Emma Falque Rey: *Historia Compostellana*. Cvra et studio Emma Falque Rey. Turnholti / Turnholt, Brepols, 1988.

de cerca para o relato dos sucesos e polo regular confía nela á hora de enxuiciar comportamentos, actitudes, intencións, cando quere interpretar algúns acontecementos. En medida moito menor utilizou a outra crónica contemporánea do biografado, o *Codex Calixtinus*, do que sobre todo bota man para a descrición dalgunhas das construccións de Compostela levantadas nos días de Don Diego[20].

Dos historiadores que ata 1951 se ocuparan do arcebispo e o seu tempo Otero segue preferentemente a Antonio López Ferreiro, a quen en varias ocasións lle recoñece a súa admiración. Sen dúbida el coñecía perfectamente as numerosas páxinas que o famoso cóengo compostelán dedicou a Xelmírez na súa magna *Historia de la Iglesia de Santiago*[21]. En cambio, non demostra tanto aprecio polo ensaio que ó arcebispo lle dedicara Manuel Murguía[22]. Otero parece coincidir con don Manuel no desexo de exalta-la figura do biografado, pero non no ton panexírico da biografía: hai na obra do primeiro moito máis rigor expositivo e menos exercicio retórico ca na do segundo. A simpatía que Otero evidentemente sentía por Xelmírez non o levou nunca ós excesos en que incorreu Murguía, que realmente idealizou o arcebispo e non admitiu nin a máis leve crítica á súa figura.

Para cuestións de detalle don Ramón cita outros autores: a Gómez Moreno y Martínez, arqueólogo e especialista en arte medieval, e ó norteamericano Arthur Kingsley Porter, en temas de arquitectura e arte románica; ó xesuíta Padre Fita y Colomer, ó historiador Villa-Amil y Castro e a Tamayo de Vargas, sabio en linguas clásicas, para aspectos relativos á *Historia Compostelana*; etc. En cambio, non cita nunca o traballo

20. Das edicións do *Codex Calixtinus* citarei a preparada polo hispanista norteamericano Walter Muir Whitehill: *Liber Sancti Jacobi. Codex Calixtinus*, Santiago de Compostela, Seminario de Estudios Gallegos, 1944.
21. Cf. A. López Ferreiro, *Historia de la Santa A. M. Iglesia de Santiago*, Santiago, 1900-1901, tomos III-IV.
22. Cf. M. Murguía, *D. Diego Gelmírez*, A Coruña, Imprenta y Librería de Carré, 1898.

de conxunto de Gordon Biggs, que, aparecido en Norteamérica en 1949, puido chegar a coñecer[23].

A FIGURA DE XELMÍREZ

Repetidas veces manifesta don Ramón neste ensaio a súa opinión de que Xelmírez foi un *clerc*, é dicir, un home que vive a súa vida segundo a razón e o intelecto, criado, como di no capítulo I, nas únicas letras que no seu tempo eran afortunadamente posibles: as que dispoñían o ánimo non para a realización do útil, senón para a consideración das cousas *sub specie aeternitatis*. El enténdeo non coma un monxe, non coma un "carácter rectilíneo de claustro", non coma un individuo chamado a camiñar por vieiros de penitencia, senón coma unha persoa politicamente inclinada ó servicio da Igrexa e, máis en concreto, ó engrandecemento da do Apóstolo Santiago. Naturalmente, isto non quere dicir que Otero advirta falta de fervor relixioso no comportamento do prelado; o que sucede é que o seu temperamento se revela como máis dado á acción ca ós silencios demorados na oración e o recollemento.

Na súa tarefa de dignificador e engrandecedor da Igrexa de Santiago Xelmírez ponse ó traballo rompendo cun pasado que nalgunhas pasaxes da *Compostelana* é calificado de bárbaro e supersticioso, rudo e indisciplinado nos costumes eclesiásticos. Fiel servidor da renovación da Igrexa inspirada por Cluny e da nova lei romana que viña a substituí-la antiga lei toledana[24], don Diego II proponse facer arraigar na súa diócese os modos de vida das igrexas de Francia e desterrar

23. G. Biggs, *Diego Gelmírez, First Archbishop of Compostela*, Washington D. C., The Catholic University Press, 1949 (hai traducción galega de María Teresa Fernández —Olmeiro e Valentín Arias: G. Biggs, *Diego Xelmírez*, Vigo, Edicións Xerais de Galicia, 1983). Dos estudios máis recentes destacarei o moi completo e coidado de R. A. Fletcher: *Sant James's Catapult. The Life and Times of Diego Gelmírez de Compostela*, Oxford, 1984 (está para saír unha traducción galega a cargo de Henrique Monteagudo e María Xesús Lama).

24. Téñase en conta que o concilio de Burgos de 1080 aboliu o rito chamado mozárabe e impuxo o romano. De tódolos xeitos, a renovación e transformación que se propoñían transcendían con moito o mero cambio de rito litúrxico.

dela vellas crenzas pagás e hábitos pouco acordes coa dignidade da institución. De todo isto fala Otero Pedrayo nas páxinas dos capítulos II e XIII do seu ensaio.

Así mesmo, Xelmírez debeu romper con don Diego Páez e canto el significou. Con inevitable amargura e certos escrúpulos non difíciles de adiviñar no discípulo que se criara no ámbito e círculo do mestre agora desterrado, ó acceder á cadeira compostelá no inicio do século XII o xove Xelmírez acabou asestando o golpe definitivo ás aspiracións de regreso que aínda mantiña o antigo bispo, obrigado a renunciar á sé en circunstancias non moi ben aclaradas, mais probablemente debido á súa participación nunha rebelión galega contra Afonso VI que tivo lugar no ano 1085. Otero Pedrayo está convencido de que Xelmírez admirara a Páez durante a súa infancia e mocidade. Para el o primeiro don Diego simboliza o apego á tradición autóctona tanto no terreo civil, manifestado principalmente no seu apoio á causa do deposto rei García, coma no litúrxico. En cambio, o segundo gran don Diego representa o universalismo romano propugnado por Cluny. No capítulo XIII condénsase en afortunado contraste a diferencia entre os dous talantes e as dúas maneiras de entende-lo camiño e a igrexa de Santiago: "para o primeiro, o camiño viña e terminaba en Santiago e a basílica tiña por pedra angular a vella ara do Apóstolo; para o segundo, o camiño ía a Roma despois de chegar a Santiago e a catedral esixía o fortalecemento daquela pedra básica con cemento de Roma".

Sobre estas bases Xelmírez deseña e leva a bo porto o seu magno proxecto de afirmación da personalidade de Galicia e de engrandecemento e reforzamento do poder, autonomía e dignidade da igrexa de Santiago, que da súa man, enfrontada de maneira inevitable con Braga e mais con Toledo, acadará a categoría de metropolitana e a mitra arcebispal.

Na política secular, segundo Otero, Xelmírez é un home da casa de Borgoña e, sinaladamente, de don Ramón, conde de Galicia, e do rei Afonso VI. Como se nos di no capítulo XI desta biografía, "Afonso VI e maila casa de Borgoña prestáronlle [a Xelmírez] o concepto do estado, da realeza, do goberno, só limitados e reducidos ó seu grao na xerarquía de valores pola suprema realidade da Igrexa". Xelmírez, efecti-

vamente, asume sen vacilacións a postura do papado na loita das investiduras. Por outra parte, en León, xunto con don Pedro Froilaz, conde de Traba, comprometeuse ante un Afonso VI xa próximo á morte a velar polo porvir da dinastía real de Borgoña e pola defensa dos dereitos de Afonso VII. Nesta tarefa empregou moitas das súas forzas.

Ademais de ir debullando estas cuestións, que a meu parecer constitúen o substancial na vida e na obra do prelado compostelán, na súa biografía Otero non deixa de pasar revista a outros aspectos da súa figura tamén interesantes e suxerentes: a incógnita das súas problemáticas relacións con dona Urraca e mais con certos sectores do pobo de Compostela, as súas igualmente difíciles relacións co conde de Traba e co emperador Afonso VII, seu afillado, a pugna cos *milites* que a miúdo esquecían a súa condición de administradores dos castelos da mitra, o seu traballo na defensa da costa contra as incursións normandas, viquingas e sarracenas, a súa condición de fundador e constructor da Compostela do seu tempo. Termina a biografía cunhas reflexións sobre o carácter do personaxe biografado e cunha contextualización histórica.

Coido que a impresión global que o lector deste traballo pode tirar ó remata-la súa lectura non difire grandemente da derivada das opinións que sobre Xelmírez expresara Otero Pedrayo antes de 1951. Por unha banda, e a xeito de conclusión, podemos colocar aquí sen estridencias unha das observacións contidas no artigo "Xelmírez, orador", de 1929, onde se afirmaba que o primeiro arcebispo de Compostela foi unha das "maneiras do esprito galego; un realismo vidal poderoso misturado c'un programa ideal, sempre presente e que ô igual da misticidade galega non perde posto en contacto c'a vida"[25]. Por outra, creo conveniente lembrarmos tamén aquí unha das afirmacións que don Ramón fixo no seu *Ensaio Histórico sobre a Cultura Galega*: que Xelmírez foi "galego e europeo"[26] e que, por selo, converteuse nun dos

25. R. Otero Pedrayo, "Xelmírez, orador", p. 99.
26. R. Otero Pedrayo, *Ensaio*, p. 124.

máximos representantes, se non no máximo, da vocación europea e europeizante que el sempre lle supuxo a Galicia[27].

COMPOSTELA, GALICIA E O MARCO HISPÁNICO E EUROPEO

A cidade de Compostela debe ser un personaxe central, o deuteragonista, nun ensaio sobre a vida de Xelmírez. Así o declara explicitamente don Ramón nos inicios do primeiro capítulo da biografía que presentou ó concurso de Aedos. Non pode estrañar, por tanto, que no transcorrer do traballo o autor guste de estenderse en consideracións sobre a fisionomía e carácter da cidade, nova aínda entre as augustas romanas (Braga e Lugo) no tempo de Xelmírez, pero xa xenial e creadora. Galicia miraba expectante para aquela Compostela nacente e depositaba nela as súas esperanzas. Era unha Compostela nova, aínda non cargada de historia pero xa situada no corazón da Europa do século XI, segundo se di no capítulo I. Unha Compostela que, como tantas veces dixo don Ramón, tivo os seus momentos de expresión máis inspirada no románico e mais no barroco e que, por outra parte, na época de Xelmírez debeu loitar constantemente contra Braga e Toledo, as dúas dióceses que daquela atrancaban o camiño da súa autonomía e o seu engrandecemento.

A Galicia prerromana e romana é evocada sobre todo no

27. Paréceme evidente que Otero Pedrayo escribiu unha biografía favorable ó biografado, quizais un tanto arrastrada polo ton gabancioso da *Historia Compostelana* para co seu heroe e sen dúbida impregnada pola idealización do prelado que triunfou en certos ambientes galeguistas que quizais bebesen na fonte do traballo de Murguía aparecido en 1898. Unha visión do personaxe con máis sombras e, se se quere, un pouco máis "humana", é por exemplo á de J. B(arreiro) S(omoza), "Gelmírez", p. 233, para quen "Gelmírez, no obstante su bien trazada apoteosis literaria, careció en la realidad de los rasgos típicos de una personalidad heroica. En él predomina el hombre sagaz, dotado de una inteligencia práctica, amante de las innovaciones que podían concretarse en una mayor seguridad (...). La tenacidad en la consecución de sus bien planeados objetivos, la maleabilidad para cambiar de medios en orden a su obtención definitiva y la identificación con las dos facetas de gran señor feudal y alto dignatario eclesiástico, sin abdicar en momento alguno de su doble condición, son los rasgos más relevantes de esta personalidad, que nos explican su comportamiento".

capítulo II. E aquí atopa Otero o terceiro pé que axuda a soster, na súa visión persoal, a personalidade colectiva do noso pobo: o pé céltico, compañeiro, como é sabido, do románico e mais do barroco. Síntese de elementos "célticos", pagáns, e de elementos cristiáns, a peculiar relixiosidade galega converterase, no parecer de don Ramón, nun dos nosos principais sinais de identidade e mesmo chegará a ordenar en consecuencia o noso territorio, pois é na Alta Idade Media cando se van perfilando as parroquias e os círculos de irradiación dos centros monásticos. E isto irmánanos necesariamente a Irlanda porque "en Galicia, coma en Irlanda, madruga e chega ós ápices do simbolismo e ó fondo rector dos corazóns a cultura relixiosa" (cap. IV).

Por outra parte, neste ensaio sobre Xelmírez as accións do prelado enmárcanse, como é lóxico, na situación hispánica posterior ó reparto da herdanza de Fernando I e a loita sucesoria que acabou coa morte de Sancho II, o encarceramento do rei García de Galicia no castelo leonés de Luna e o triunfo de Afonso VI como emperador de Castela, León e Galicia. Afonso reemprendeu con decisión a tarefa reconquistadora e en 1085 acadou o seu triunfo máis espectacular: a caída da cidade de Toledo. Esta victoria, sen embargo, habería de ter tamén desagradables contrapartidas: os musulmáns de Al-Andalus, ante o perigo que supoñía a nova acometida cristiá, solicitaron a axuda dos almorábides, un pobo do norte de Africa, fanático e guerreiro, que acabou inflixindo severas derrotas ás tropas de Afonso VI e que, sen dúbida, freou espectacularmente a Reconquista. Debido a isto os cristiáns, por súa vez, víronse obrigados a pedir axuda militar ó papado e ós nobres de alén dos Pirineos, de maneira que a Reconquista pasou a converterse case nunha especie de cruzada de Occidente. Xustamente para prestar auxilio nesta guerra veu a España don Ramón de Borgoña, quen, casado con Urraca, a filla máis vella de Afonso VI, había de ser conde de Galicia ata a súa morte en 1107.

Ó finar Afonso VI en 1109 abriuse unha conflictiva época caracterizada, entre outras cousas, polos enfrontamentos e dificilísimas relacións que con dona Urraca tiveron o seu novo marido, Afonso o Batallador de Aragón, e os partidarios de

Afonso VII, o fillo que ela tivera con don Ramón de Borgoña. Estes partidarios do neto de Afonso VI estaban capitaneados, naturalmente, por don Diego Xelmírez e por don Pedro Froilaz, conde de Traba. En 1126, ó morrer dona Urraca, Afonso VII convértese definitivamente en emperador das Hispanias.

Mentres tanto, pola banda occidental da península ía nacendo o novo Portugal independente. A finais do século XI Afonso VI entregara o condado de Portugal a outro borgoñón, don Henrique, que casara coa súa filla Tareixa. De alí a pouco, contra 1140, Afonso Henriques acabaría declarándose rei e independizándose de Galicia, León e Castela.

Europa era entón un mosaico de nacións feudais dificilmente reductible á unidade de diversos estados nacionais. Desde a segunda metade do século XI a loita das investiduras enfrontaba o papado, empeñado agora nunha tarefa de reforma e purificación espiritual de Igrexa, co emperador xermánico, ou, o que é o mesmo, asistíase a unha pugna entre o poder eclesiástico e o poder civil: tratábase de dirimir quen tiña a potestade de nomea-los cargos eclesiásticos e, en definitiva, a Igrexa quería superar unha época anterior de total sumisión ós poderes laicos, de completa feudalización e mesmo de grande decadencia da súa función espiritual e cultural. Todo isto é evocado por Otero no capítulo final da súa biografía.

NOTA SOBRE A TRADUCCIÓN E A EDICIÓN

Traducir a don Ramón Otero Pedrayo para o galego non é, certamente, tarefa doada. Por unha banda, e como en toda traducción, vese un obrigado a moverse entre o desexo de se-lo máis fiel posible ó orixinal sobre o que traballa e a necesidade de introducir modificacións na nova versión que prepara. E, por outra, o traductor séntese asaltado pola tentación de tratar de reproducir, na medida das súas posibilidades, o apaixonado e inconfundible estilo galego do fidalgo de Trasalba. Para isto último, sen rubor ningún, declárome, contra toda tentación, absolutamente incompetente: o lector desta versión galega de *Gelmírez o el genio afectuoso, creador y humorista del tiempo románico. Vida y glosas a su vida*

debe renunciar a encontrarse co galego literario das obras de Otero, anque de cando en vez poida atopar algunha pincelada que llo recorde. Pídolle, incluso, que non faga comparacións.

Así mesmo, quero deixar ben claro que houbo dúas razóns que me levaron a renunciar a preparar unha traducción e edición do texto rigorosamente anotada. Fíxeno, en primeiro lugar, porque, dada a innumerable cantidade de referencias de todo tipo contidas nesta biografía, facelo supoñería practicamente ter que escribir un libro da mesma extensión có de Otero: isto embarazaría enormemente a lectura. En segundo lugar actuei así porque, fiel a quen modestamente se declarou "enemigo dos estudios críticos por temperamento e por falla de preparación"[28], preferín mante-lo espírito do orixinal, máis atento ó pracer da evocación literaria de Xelmírez e o seu tempo ca á exacta e prolixa documentación de datos eruditos. Carga-lo texto de notas equivalería a traiciona-lo concepto do ensaio que tiña don Ramón Otero Pedrayo[29].

Por todo isto, as notas a pé de páxina non serán moitas. Unha serie delas, a das marcadas cun asterisco (*), utilízoa para desprazar do texto fragmentos que fan escuras algunhas pasaxes da biografía. A serie de notas numeradas proporciona algunhas contadas informacións que me pareceu necesario achegar e, por outra parte, traduccións dos textos latinos da *Historia Compostelana* e do *Codex Calixtinus*. Para os da *Compostelana* valinme da versión castelá do Padre Manuel Suárez, introducida e anotada polo Padre Campelo[30]; para os

28. R. Otero Pedrayo, "Lembranza", p. 265.

29. A este respecto paréceme atinada a seguinte observación de C. Casares, *Otero Pedrayo*, p. 128: "Otero non pode ser considerado propiamente un ensaísta e (...) neste campo da súa producción os mellores momentos conseguiunos en páxinas que valen sobre todo polo seu contido poético, pola gracia de algunhas intuicións ou pola brillantez e a orixinalidade de determinadas síntesis en que cristaliza a súa cultura".

30. *Historia Compostelana* / o sea / *Hechos de D. Diego Gelmírez* / *Primer Arzobispo de Santiago* / Traducida del latín al castellano / por el / R. P. Fr. Manuel Suárez / de la Orden de Frailes Menores. / Con notas aclaratorias e introducción / por el / R. P. Fr. José Campelo / de la misma orden. Santiago de Compostela: Editorial Porto, 1950.

do *Codex Calixtinus* baseeime na traducción castelá de Moralejo, Torres e Feo[31].

BIBLIOGRAFÍA CITADA

Barreiro Somoza, J. (1981): "Gelmírez", en *Gran Enciclopedia Gallega.* Xixón: Silverio Cañada Ed., tomo XV, pp. 232-256.

Carballo Calero, R. (1981): *Historia da literatura galega contemporánea,* 3ª ed. Vigo: Galaxia.

Casares [Mouriño], C. (1981): *Otero Pedrayo.* Vigo: Galaxia.

Mariño Paz, R. (1990): "Introducción" a R. Otero Pedrayo, *Os camiños da vida.* Vigo: Galaxia, pp. 7-72.

Monteagudo [Romero], H. (1991): "Introducción" a R. Otero Pedrayo, *A Romaría de Xelmírez.* Vigo: Galaxia, pp. 7-66.

Otero Pedrayo, R. (1923): "Temas compostelanos", *Nós* 19, pp. 16-18.

Otero Pedrayo, R. (1926): *Guía de Galicia.* Madrid: Espasa-Calpe. Utilizo a 5ª edición: R. Otero Pedrayo, *Guía de Galicia,* 5ª ed. Vigo: Galaxia, 1980.

Otero Pedrayo, R. (1929): "Xelmírez, orador", *Nós* 66, pp. 96-99.

Otero Pedrayo, R. (1932): *Ensayo Histórico sobre la Cultura Gallega.* Santiago: Nós. Utilizo a traducción ó galego: R. Otero Pedrayo, *Ensaio Histórico sobre a Cultura Galega.* Vigo: Galaxia, 1982.

31. *Liber Sancti Jacobi. Codex Calixtinus.* Traducción por los Profrs. A. Moralejo, C. Torres y J. Feo. Dirigida, prologada y anotada por el primero. Santiago de Compostela: Consejo Superior de Investigaciones Científicas —Instituto Padre Sarmiento de Estudios Gallegos, 1951.

Otero Pedrayo, R. (1934): *A Romeiría de Xelmírez.* Santiago de Compostela: Nós. En 1991 publicouse unha nova edición: R. Otero Pedrayo; *A Romaría de Xelmírez.* Edición, introducción e notas [de] Henrique Monteagudo. Vigo: Galaxia. Cito sempre por esta edición moderna.

Otero Pedrayo, R. (1983): "Lembranza de Goethe", en R. Otero Pedrayo, *Obras selectas. Ensaios,* Vigo, Galaxia, pp. 252-268.

Otero Pedrayo, R. (1984): "Castelao ou o rumor conxunto das vidas e camiños de Galicia", *Grial* 85, pp. 264-280.

Otero Pedrayo, R. (1990): *Os camiños da vida.* Edición, introducción e notas [de] Ramón Mariño Paz. Vigo: Galaxia.

Otero Pedrayo, R. (1991): *Gelmírez o el genio afectuoso, creador y humorista del tiempo románico. Vida y glosas a su vida.* Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.

Quintana, X. R. / Valcárcel, M. (1988): *Ramón Otero Pedrayo. Vida, obra e pensamento.* Vigo: Ir Indo.

XELMÍREZ OU O XENIO AFECTUOSO, CREADOR E HUMORISTA DO TEMPO ROMÁNICO. VIDA E GLOSAS Á SÚA VIDA.